 - Para acceder ás aulas específicas, en cambio de aula, farase polas escaleiras próximas aos aseos.
 - Para facilitar a saída en caso de emerxencia marcaranse no chan as frechas cun distintivo que facilite a súa identificación.

33. Cartelería e sinalética (previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)

- Cartel á entrada do centro educativo de prohibición de acceder con algún síntoma compatible con covid.
- Cartelería de hixiene de mans en paramentos de entrada xunto aos hidroxéis, en entradas de todos os espazos (de zonas comúns, aulas, aseos...)
- Cartelería de obriga de máscara en entrada do recinto escolar e entradas principais do edificio
- Cartelería de distancia de seguridade en paramentos do centro, sobre todo en zonas de paso
- Marcadores de distancia de seguridade en chanzos e frechas a 1,5 m nos corredores do edificio
- Marcadores de distancia de seguridade específicos en vestíbulos de 1ª planta
- Carteis de indicación de aforo en Departamentos, aseos, salas, Pavillón
- Cartel no ascensor de limitación a unha persoa (agás causa de forza maior:acompañante)
- Nota informativa de NON acudir ao centro en caso de sintomatoloxía compatible con covid: en espazos de Conserxería, Secretaría, Sala de Profes e na web; e procedemento a seguir.
- Nota/cartel de instrución de recollida e eliminación de material de hixiene persoal (máscara, luvas,...) e de residuos procedentes dunha persoa que presentou síntomas, na área de limpeza e en espazo COVID.

34. Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado

- Á chegada ao centro, o alumnado dirixirase en liña e gardando a distancia de seguridade á entrada que lle corresponde, seguindo indicacións do profesorado (de aula ou de garda de 1º hora); en caso de chegar antes das 8:20h esperará nas áreas das pistas, gardando a distancia interpersoal e seguindo as indicacións do profesorado de garda.
- Á saída, o alumnado dirixirase en liña e gardando a distancia interpersoal de seguridade, ao autobús ou á porta de saída do recinto escolar.
- Uso de máscara

35. Asignación do profesorado encargado da vixilancia (só datos numéricos)

- 1 profesor/a con apoio dunha persoa do equipo directivo

Id. Medidas en relación coas familias e ANPA

36. Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada (previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada, as medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou o concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente plan)

37. Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor, deberán ser coordinadas co organizador do servizo)

38. Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar

- As xuntanzas da ANPA realizaranse preferentemente de xeito telemático, sobre todo se supoñen un número elevado de persoas
- As reunións de Consello Escolar celebraranse presencialmente se a situación o permite, con distancia de seguridade e máscara, nun lugar con boa ventilación; se non, de xeito telemático, a través de cisco webex.

39. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias

- Establecerase o horario de titoría e comunicarse as familias ao inicio do curso a titoría asignada, horario e modo de contacto (preferentemente telefónico ou por videochamada)
- De precisarse asistencia da familia ao centro, sería con cita previa e fixarase un horario que non coincida con entrada, saída do alumnado nin con momentos de recreo nin cambios de aula.

40. Normas para a realización de eventos

- Determinación de aforo no espazo a realizar (50%)
- Preferentemente ao aire libre ou en espazo con aireación
- Dispensadores hidroalcolicos e papel desbotable na entrada
- Papeleiras de tapa e pedal
- Uso de máscara
- Establecemento de entrada/saída, sentido de marcha
- Colocación de cadeiras con distancia de seguridade
- Advertencia ás persoas que participen da importancia de cumprir as normas hixiénicas e sanitarias, entre elas: **NON** acudir en caso dalgún síntoma compatible co covid

Id. Medidas para o alumnado transportado

41. Medidas (establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado, de ser o caso, criterios de priorización para o uso do transporte)

- En función do horario do transporte, o alumnado que chega moi cedo (entre 15 e 30 minutos antes do inicio da actividade lectiva) quedará en espera na pista cuberta,(ou poderían nas dúas pistas se se considera necesario e a situación meteorolóxica o permite) gardando a distancia de seguridade.-
- Cada autobús, en caso de coincidencia no aparcadorio, esperará a abrir a porta a que baixe todo o alumnado do autobús anterior.
- Prioridade uso transporte: dependendo da ocupación dos autobuses (por determinar)

Id. Medidas de uso do comedor

42. Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado (establecemento de quendas para o uso de comedor, determinación dos lugares ocupados polos comensais, priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro)

43. Persoal colaborador (previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as diferentes quendas) (non incluír datos de carácter persoal)

44. Persoal de cociña (previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma) (non incluír datos de carácter persoal)



Id.	Medidas específicas para o uso doutros espazos
45.	<p>Aulas especiais, ximnasiais, pistas cubertas... (realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais —tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios...— ximnasiais, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán normas de uso e limpeza)</p> <ul style="list-style-type: none">- Salón de Actos e espazos de EpeV e Música serán usados como aulas dos grupos máis numerosos coas mesmas medidas de hixiene e seguridade cás aulas ordinarias; outras aulas específicas (Informática, Tecnoloxía, Laboratorios) serán usadas como aulas de desdobre coas mesmas medidas hixiénicas e sanitarias cás aulas ordinarias- Nestas aulas, de uso compartido, extremarase o protocolo de limpeza:<ul style="list-style-type: none">• Hixiene mans á entrada e saída da mesmas• Uso de máscara• Limitación ao mínimo posible de uso de material de prácticas compartido; neste caso desinfectarase ao inicio e fin da clase• Substituírse, onde a materia o permita, o emprego de materiais por simulacións virtuais• Cada aula específica ten o propio protocolo de seguridade, hixiene e desinfección para material de prácticas. (Na aula de Música requírese dunha distancia mínima de 3 m. para canto ou instrumentos de vento; no Pavillón: uso da máscara e distancia de 2 m.)• A pista cuberta priorizarase para as clases de Educación Física
46.	<p>Educación física (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)</p> <ul style="list-style-type: none">- Impartírase, preferentemente, ao aire libre, nas pistas (unha cuberta e outra sen cubrición); con distancia superior a 2m, exercicios individuais poden realizarse sen máscara se esta dificulta ou imposibilita o exercicio.- O desprazamento pola pista será en sentido antihorario.- Se alguén presenta problemas respiratorios poderá retirarse do grupo e retirar o tapabocas ata recuperarse.- Se as circunstancias meteorolóxicas non o permiten, usarase o Ximnasio, mantendo as fiestras abertas o máximo posible.- No Ximnasio gardarase unha distancia mínima de 2 m para realizar actividades individuais- Adoptarase as medidas hixiénicas e de prevención de calquera aula ordinaria: hixiene de mans, como mínimo á entrada e con uso de material.- Uso de máscara. Disporase de papel absorbente para reducir o exceso de humidade de tapabocas e desinfectante téxtil.- Desinfectarase as colchonetas, bancos, cadeiras e material empregado, despois do seu uso.- O profesorado desinfectará os elementos, ferramentas, que comparta, despois do seu uso e á entrada e saída hixienizará as mans con xel hidroalcohólico- Aseos: respectarase o aforo (1 persoa) e dotarase de xabón, papel desbotable, e papeleiras con tapa e pedal- Vestiarios: quedan deshabilitados
47.	<p>Cambio de aula (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)</p> <ul style="list-style-type: none">- Realizarase segundo o sentido de marcha indicado no corredor e pola marxe correspondente- En caso de coincidir entrada e saída na mesma aula, determinarase a saída 5 minutos antes da entrada do seguinte grupo para evitar aglomeracións. Requerirá a coordinación do profesorado implicado e constará no horario de grupo (Valorar posibilidade de varias aulas afectadas simultaneamente que obriquen a axustes horarios)- Para as aulas específicas: T-1, EpeV, Música, Informática, e aula de Ciclo, accederase polas escaleiras próximas aos aseos.
48.	<p>Biblioteca (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)</p>

- Aforo: 50%:
- Protocolo de acceso:
 - Hixiene de mans
 - Máscara
 - Sentar nos lugares indicados
- Hixienización de postos ocupados
- Ordenadores forrados con film, serán hixienizados antes e despois do seu uso
- Préstamo: nos recreos con solicitude previa a través de correo
- Libros devoltos deberán permanecer en caixas identificativas e illadas un mínimo de 4 horas.

49. Aseos (poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)

- Evitarase o uso dos aseos na medida do posible
- Poderanse usar indistintamente por mozos e mozas
- Cumprirse o aforo determinado e indicado nas portas
- Durante a xornada lectiva usaranse os aseos correspondentes á planta da aula
- No recreo só se usarán os aseos da planta primeira para o alumnado de patio de anfiteatro, entrada principal e aparcadoiros e do pavillón para o alumnado que está en pistas.

Id. Medidas especiais para os recreos

50. Horarios e espazos (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)

- O horario será: 11:00 h a 11:30 h. (o timbre sona ás 11:25 para facilitar unha entrada ordeada e con distancia)
- Flexibilizarase a saída e a entrada con aqueles grupos que poderían confluír nos mesmos corredores: adiantarase a saída ao recreo 5 min. para o alumnado de 1º e 2º de ESO a quen acompañará o profesorado correspondente para supervisar o cumprimento da normativa mentres non se incorpora o profesorado de garda de recreo.
- Distribuiranse os grupos por nivel nos espazos indicados no punto 8

51. Profesorado de vixilancia (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable) (non incluír datos de carácter persoal)

- Entre 4 e 5 profesores/as: un/ha para cada espazo (incluída a zona interior para controlar o acceso aos aseos):
 - Anfiteatro
 - Corredor entrada principal e Aparcadoiros (agás de autobuses)
 - Pista cuberta
 - Pista sen cubrición
 - Aparcadoiro autobuses, portalón entrada
 - (Pavillón, pista cuberta, corredores cubertos e vestíbulos, por quendas, en caso de mal tempo).

Id. Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria

52. Metodoloxía e uso de baños (incluír previsións sobre a metodoloxía na aula e uso de baños que estean situados na mesma, tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material de aula)

--

53. Actividades e merenda (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluírase unha previsión sobre o tempo de merenda)

- Evitaranse elementos que se poidan manipular (agás algún balón, na pistas, que hai que desinfectar)
- Extremaranse as precaucións (distancia e uso de máscara) no momento do bocadillo. O alumnado de 1º e 2º ESO sairá 5 minutos antes acompañado polo profesorado correspondente mentres non se incorpore o de garda (con mal tempo cómpre que coman o bocadillo na aula)

Id. Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres

54. Emprego do equipamento (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizarse en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)

- Laboratorios de Bioloxía-Xeoloxía e FeQ
 - Aforo: 11 persoas
 - Cartelería informativa
 - Medidas hixiénicas e sanitarias de aula ordinaria: hixiene de mans, distancia 1,5 m, máscara
 - Cada alumno/a terá un posto asignado claramente indicado onde deberá quedar toda a sesión
 - O material de uso propio non se compartirá e cada alumno/a deberá ter un espazo diferenciado na mesa do laboratorio e un estoxo ou recipiente onde gardalo.
 - Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección oportunas, sobre todo en zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes.
 - As sesións de laboratorio serán de 30-40 minutos, adicándose os 10 primeiros a recordar as medidas e hixienizar o material empregado por cada alumno/a
 - Os panos desbotables que profesorado e alumnado empreguen, serán refugados en papeleiras con bolsa, preferentemente, a ser posible, con tapa e pedal
 - Planificarase o uso de ferramentas e equipos de traballo de xeito que a práctica supoña a mínima manipulación posible e serán hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo ou alumno/a.
 - No laboratorio de FeQ usaranse luvas como medida de seguridade ante a manipulación de produtos químicos
 - Manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible
 - Unha vez coñecidos os horarios de ocupación tentarase evitar interferencia para preparación das prácticas
 - Procurarase o emprego simultáneo dos laboratorios de FQ e Bio_Xeo para a práctica de ambas materias (para unha mellor xestión do tempo e aproveitamento)

Id. Medidas específicas para alumnado de NEE

55. Medidas (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)

- Intensificación na atención ao cumprimento das medidas hixiénicas e sanitarias
- Seguimento máis exhaustivo do uso de máscara e detección de posibles necesidades
- Aporte de material de protección (máscara) ao alumnado que o precise

56. Medidas e tarefas. Seguimento (particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado, as medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia)

- As persoas titoras en 1º ESO e 4º ESO velarán polo coidado do alumnado en Alerta Escolar con especial vulnerabilidade
- A profesora de PT, en coordinación coa Orientadora e persoas titoras velarán polo alumnado con especial dificultades para detectar carencias, necesidades, e buscar, en colaboración co equipo directivo (equipo covid), as posibles solucións.
- Levarase control do material, ferramentas, ...que se precisen e se aporten.

Id. **Previsións específicas para o profesorado**

57. Medidas (para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras)

- Establecerase e respectarase o aforo dos Departamentos e sala de profesorado, marcados na porta de entrada.
- Para favorecer a entrada dalgunha persoa que superaría o aforo, se lle cederá o lugar á maior brevedade posible
- Nos Departamentos, o profesorado, na medida do posible, terá un posto fixo.
- Procederase a hixiene de mans co dispensador de xel hidroalcohólico na entrada deses espazos.
- Procurarase utilizar material propio e non compartido
- Procederase a hixienización dos elementos comúns que se compartan como teclados, ratos, encimeiras.
- Os ordenadores de uso común forraranse con film para facilitar a súa desinfección
- Haberá unha papeleira con bolsa, protexida con tapa e preferentemente con pedal para refugar o papel desbotable despois da desinfección, hixienización.
- Abriranse as xanelas para airear o maior tempo posible se as condicións meteorolóxicas o permiten.
- As reunións de Departamento poderán ser presenciais se o aforo do espazo o permite (sempre gardando as medidas sanitarias, ventilación incluída), ou telemáticamente a través de cisco webex
- A sala de profesorado usarase respectando o aforo e as medidas sanitarias e de seguridade (ventilación incluída)
- Gardarase a distancia de cando menos 1.5 m
- Uso de máscara
- Deixaranse as cadeiras separadas das mesas para facilitar a desinfección polo persoal de limpeza.

58. Órganos colexiados (o centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

- As reunións, tanto de Claustro como CCP, Consello Escolar e avaliacións, celebraranse, de ser posible, ao aire libre na pista cuberta, se o tempo o permite, ou no Salón de Actos; en calquera caso con ventilación, xel hidroalcohólico, papel desbotable e papeleira de pedal na entrada, con distancia de seguridade e uso de máscara; se non, telemáticamente a través de cisco webex
- Priorizarase a presenza nas reunións de avaliación.

Id. **Medidas de carácter formativo e pedagóxico**

59. Formación en educación en saúde (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)

- Proporcionarase información das medidas de prevención e hixiene básicas a toda a comunidade educativa (profesorado, persoal de administración e servizos, limpadoras, familias,...) a través da web
- Habilitarase na web unha canle de comunicación para consulta de dúbidas
- Colocarase cartelería informativa das medidas de prevención e hixiene, en entradas, lugares de paso

e aseos, fundamentalmente; tamén nas aulas

- Insistirase, ao inicio da actividade lectiva, na importancia do hábito de hixiene de mans e do coidado dun mesmo e dos demais
- Incluírase nas programacións dos departamentos, como contido transversal, a promoción da saúde, hábitos saudables que inclúan as medidas de prevención fronte ao covid-19.
- Valorarase a posibilidade do desenvolvemento de iniciativas innovadoras para promover hábitos de vida saudable a través de programas como o Plan Proxecta.
- Oferta de cursos, a través do Plan de Formación do Profesorado para o curso 2020-21, impartidos por profesionais, sobre medidas xerais de prevención e protección.

60. Difusión das medidas de prevención e protección (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).

- Difundiranse as medidas de prevención e comunicacións que realicen as Consellerías de Sanidade e Educación a través da web do centro, de Abalar e da ANPA.
- Informarase, a través da web do centro, de charlas de persoal sanitario sobre a prevención e protección fronte ao Sars-Cov-2

61. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Edixgal e coa UAC; o persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes —engadir unha fila por profesor/a—)

- Profesorado encargado:
- Funcións coordinador/a:
 - Coordinación da implantación das aulas virtuais
 - Comunicación coa persoa asesora de Abalar e coa UAC
- Funcións profesorado do equipo:
 - Axuda a compañeiros/as con menos experiencia:
 - información a usuarios
 - modo de ensinar ao alumnado e inscribirse nos cursos
 - Organización da Aula virtual e mantemento
 - Creación de cursos e modelos básicos (coordinadora TIC)
 - Divulgación de accións de formación dispoñibles
 - Divulgación de contidos

Coordinadora posta en funcionamento e mantemento: María Loureiro (Coordinadora TIC)

Colaboración profesorado:

62. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso” (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “Instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa)

- Elaborarase un Programa de acollida para facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial no curso pasado e procurar información básica e tranquilidade á comunidade educativa fronte a situación de pandemia.
- Incorporaranse ás programacións deste curso 2021-2022 as aprendizaxes non adquiridas no curso anterior, para o que se recurrirá ás memorias, informes individualizados do alumnado e á avaliación inicial que se fará no mes de setembro ou principios e outubro; indicaranse, ademais, as medidas a adoptar e metodoloxía que se usará en caso de ensino a distancia.
- Durante o mes de setembro e principios de outubro, o profesorado titor axudará ao alumnado a inscribirse na aula virtual e matricularse en cada un dos cursos. O profesorado das materias asegurase de que o alumnado coñece a metodoloxía que seguiría en caso de ensino a distancia.
- Procurarase desde o inicio de curso a formación do alumnado para a mellora da competencia dixital, que lle permita seguir con aproveitamento as clases en caso de ter que volver suspender a actividade lectiva presencial.




63.	Difusión do plan (o “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)
- Páxina web do centro e, na medida do posible, reunións coas familias segundo o Programa de Acolli-da.	




PLANOS

Entrada Planta 0





Entrada/Salidas Planta 1






Planta 2



Planta 3



Aulas

- Distribución mesas en aulas: con separación de 1,2 m. entre elas e colocadas en filas.
- Xel hidroalcohólico, desinfectante e portapapel á entrada
- Papeleira á saída

